



colexio de educadoras e
educadores sociais de galicia

2011-2015

Nº 47 | Marzo de 2011 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

NON Á GUERRA!



colexio de educadoras e
educadores sociais de galicia

Rúa Lisboa, 20 – baixo
15707 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938274
ceesg@ceesg.org
www.ceesg.org

Nova Xunta de Goberno 2011-2015

A profesión que sentes, o colexio que queremos

Tras as eleccións do 11 de febreiro de 2011 e despois da toma de posesión na asemblea do 11 de marzo, xa temos un novo equipo no Ceesg para liderar as actuacións en prol da profesión de Educación Social.

Quen somos. *Un colexio, moitas voces.*

Somos un grupo de mulleres e homes coa convicción de traballar pola nosa profesión e coa ilusión de seguir medrando como Colexio para acadar aqueles cambios que nos fortalecen e dignifican; queremos facelo coa participación de todas e todos, de maneira coordinada e en equipo.

O colexio que queremos.

Desde esta nova Xunta de Goberno, apostamos por un Colexio:

1. Con responsabilidade social e reivindicativo na defensa da educación social como dereito fundamental da cidadanía galega e como medio para xerar cambios a prol dunha sociedade máis igualitaria, participativa e democrática, implicándose especialmente naquelas accións dirixidas a promover a igualdade de xénero e a xustiza social.
2. Comprometido coa ética e o código deontolóxico da nosa profesión.
3. Transparente, na toma de decisións e no proceso de xestión de cada actuación, que traballe desde e con criterios de calidade.
4. Plural, cunha base social de participación colexial ampla e non excluínte.
5. Propositivo, aportando propostas tecnicamente argumentadas e de valor ético, político e socioeducativo nos diferentes foros e entidades nas que estea presente.
6. Participativo e proactivo, facendo visible a capacidade de contribuír de cada quen, empoderando a colexiadas e colexiados na construción colectiva do Colexio.
7. Aberto e colaborador con outras entidades e profesións relacionadas coa intervención social, coas universidades, coas administracións e cos demais colexios e asociacións profesionais a nivel autonómico, estatal e internacional.
8. Útil e eficiente, que dá resposta ás demandas e preocupacións das colexiadas e colexiados.
9. Actualizado en canto ás realidades sociais, educativas e laborais que supoñen novos retos e posibilidades para a Educación Social.
10. Descentralizado, achegado ás persoas e aos territorios.
11. Referente da Educación Social: para as/os profesionais, estudantado, e a sociedade en xeral.

Principios ideolóxicos. *Entre a cabeza que pensa e a man que fai está o corazón que sente.*

1. Compromiso coa Profesión
2. Xustiza Social
3. Perspectiva de Xénero
4. Lingua e Cultura galegas

Obxectivos estratéxicos. *O futuro pertence a quen cren na beleza dos seus soños. (Eleanor Roosevelt)*

1. Estimular a participación colexial nas diferentes accións do Ceesg, e a colexiación nel.
2. Pór en valor o Ceesg e a educación social ante a cidadanía galega.
3. Converter a formación impartida desde o Ceesg, os documentos profesionais e as publicacións propias en referentes de calidade para o desenvolvemento profesional.
4. Ter representación en todos os espazos onde se toman decisións.
5. Enmarcar o traballo en equipo como seña de identidade para a construción colectiva da profesión.

Liñas estratéxicas. *O colexio de todas, a forza do traballo conxunto!*

1. Participación colexial.
2. Presenza e visibilización.
3. Desenvolvemento profesional.
4. Relacións institucionais.
5. Equipo de traballo: traballo en equipo.

Estrutura organizativa.

Ceesgueando!

1. Área de Xestión Financeira e de Captación de Recursos (Promocións, Descontos, Negociacións bancarias, Obras sociais)
2. Área de Comunicación e Participación Colexial (Imaxe, Documentación, Campañas, Colexiación e Publicacións)
3. Área de Situación Profesional e Sociolaboral (Recursos, Reposicións, Demandas, Profesiogramas, Convenios, Código Deontolóxico)
4. Área de Desenvolvemento Profesional (Grupos de Traballo, Servizos, Boas Prácticas, Estudos e Formación)

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- Asistencia á presentación da Guía de peritos xudiciais, a publicación editada por Union Profesional de Galicia que recolle a todos/as os/as profesionais galegos dispostos a actuar como peritos xudiciais ante xulgados e tribunais. Tivo lugar en Santiago o día 1 de marzo.
- Censura de contas. Revisión de contas da Xunta de Goberno Saínte (período 2007-2011) por parte das/os colexiadas/os que resultaron elixidas/os mediante sorteo público, segundo o acordado na asemblea do 11/02/11. Tivo lugar o día 3 de marzo na sede do Ceesg.
- Constitución do grupo de traballo do CGCEES sobre Educación Vial, que será coordinado dende o Ceesg.
- Asemblea Xeral Ordinaria do Ceesg, na que, entre outros asuntos, tomou posesión a nova Xunta de Goberno, aprobáronse os Plans de Traballo e Orzamentos para 2011, e se informou da situación de crise do colexio e das decisións adoptadas ao respecto. Tivo lugar o día 11 de marzo en Santiago.
- Escrito aos Concellos de Guitiriz (Lugo) e de Friol (Lugo), en relación aos postos de traballo convocados recentemente para os seus Puntos de Atención á Infancia. Aínda que a norma que regula estes centros non contempla a figura de educadores/as sociais, dámoslles a coñecer o noso perfil profesional.
- Escrito á Secretaría Xeral de Benestar, no que solicitamos información referida aos Centros de Protección da nosa Comunidade Autónoma.
- Xornada de presentación do Ceesg ao alumnado de 3º de Educación Social, da Universidade de Santiago de Compostela. Aproveitamos a ocasión para presentar a nova Xunta de Goberno e a páxina web do Ceesg, sinalando aqueles servizos dos que se poden beneficiar como estudantes.
- Entrevista concedida a *Nosotros, los mayores*. O xornal especializado interesouse polo Ceesg, pola súa nova etapa coa recente renovación da Xunta de Goberno, o seu plan de traballo... e tamén polo Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica do Ceesg, que prepara xa as súas VI Xornadas, que se celebrarán proximamente.
- Xuntanza coa Subdirección Xeral de Familia e Benestar, á que nos convidaron, xunto con outras entidades, para presentar proxecto de Lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia recentemente aprobado polo Consello da Xunta. Neste momento estamos revisando o texto de novo, para facer achegas na fase parlamentaria. Tivo lugar o día 23 de marzo en Santiago.

ARTIGO DE INTERESE: Quero participar!

Para formar parte activa do Ceesg non é necesario estar integrado/a na Xunta de Goberno. Abonda con ser unha persoa interesada no desenvolvemento da profesión e estar disposta/o a colaborar. Esta colaboración pode darse de moitas formas: enviándonos información, publicando artigos no boletín, suxerindo actividades...

Tamén é posible unha colaboración máis activa, que supón un maior grao de implicación, sempre acorde coa dispoñibilidade de cada persoa, claro está. Os principios cos que se inicia esta nova lexislatura deixan clara a vontade de promover a participación colexial e a construción colectiva da profesión.

Por iso, como posiblemente xa verías na nova web, tes a opción de participar integrándote como colexiado/a nalgunha das áreas de traballo do Ceesg. Na web podes ver en qué contidos se centra cada unha das áreas. Se premes no botón *Quero participar!*, a persoa responsable da área de traballo poñerase en contacto contigo para iniciar un primeiro contacto, e explicarche ou acordar contigo de qué maneira se pode materializar a túa colaboración.

Área de Desenvolvemento Profesional do Ceesg



aviso

- O importe sufragado por cada colexiada/o ao Ceesg durante o 2010 para incluílo na Declaración da Renda, poderá consultarse a través da web. Se tes interese en que se che envíe por correo postal ou electrónico só tes que solicitalo.
- Os días 18, 19 e 20 de abril (na Semana Santa) as oficinas do Ceesg estarán pechadas.

FORMACIÓN DA PLATAFORMA DE ONG DE ACCIÓN SOCIAL

Organiza: Plataforma de ONG de Acción Social.

Datas: 3 de maio a 3 de xuño.

Lugar: En liña.

Contido: Abriuse o prazo para a inscrición nas actividades formativas sobre "Formulación de proxectos sociais" e "Planificación estratéxica en ONG de acción social".

Información e inscricións:

www.intercambioenaccion.org

PLAN DE FORMACIÓN 2011 DA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

Organiza: Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Lugar: Os cursos serán en diversos lugares de Galicia, e outros realizaranse en liña.

Contido: Inclúe múltiples actividades formativas centradas sobre todo nos eidos da xuventude, tempo libre e voluntariado.

Información:

www.voluntariadogalego.org

www.xuventude.net

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Negreira (A Coruña): Oferta de emprego público. Un posto de Encargado/a de centros culturais. DOG 02/03/11

Concello de A Gudiña (Ourense): Bases para a provisión dunha praza de Coordinador/a de emprego e desenvolvemento local. BOP 15/03/11

Concello de Guitiriz (Lugo): Resolución referente á convocatoria para prover unha praza de Educador/a Familiar. BOE 15/03/11

Universidade de A Coruña: Bases para a provisión dunha praza de Técnico/a Especialista da Oficina de Cooperación e Voluntariado. BOE 18/03/11

OUTROS

Consellería de Traballo e Benestar: Programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego. DOG 02/03/11

Ministerio da Presidencia: Axudas para actuacións contra a violencia, racismo, xenofobia e intolerancia no deporte. BOE 04/03/11

Xefatura do Estado: Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostible. BOE 05/03/11

Consellería de Presidencia, Admóns. Públicas e Xustiza: Axudas de emerxencia social e para viaxes por razóns de interese social, asistencial ou humanitario. DOG 07/03/11

Presidencia: Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia. DOG 08/03/11 e BOE 29/03/11

Ministerio de Educación: Subvencións para congresos e xornadas de difusión de actividades dirixidas á educación de persoas adultas no marco da aprendizaxe ao longo da vida. BOE 08/03/11.

Ministerio de Educación: Premios a centros docentes que desenvolvan accións dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais ou á compensación de desigualdades en educación. BOE 10/03/11

Consellería de Presidencia, Admóns. Públicas e Xustiza: Subvencións a proxectos de acción humanitaria no exterior. DOG 10/03/11

Consellería de Presidencia, Admóns. Públicas e Xustiza: Axudas establecidas no artigo 27º da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43º da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. DOG 11/03/11

Xefatura do Estado: Lei Orgánica 4/2011, de 11 de marzo, complementaria da Lei de Economía Sostible, pola que se modifican as Leis Orgánicas 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional, 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial. BOE 12/03/11

Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade: Subvencións para programas de prevención e control da infección por VIH e sida. BOE 12/03/11

Consellería de Presidencia, Admóns. Públicas e Xustiza: Estadias de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas. DOG 12/03/11

Ministerio de Política Territorial e Administración Pública: Axudas de atención á dependencia (Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado). BOE 15/03/11

Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade: Subvencións do Instituto da Xuventude. BOE 15/03/11

Ministerio de Educación: Subvencións para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e a compensación de desigualdades en educación. BOE 17/03/11

Consellería de Presidencia, Admóns. Públicas e Xustiza: Subvencións a proxectos de acollida e integración da poboación inmigrante e retornada en Galicia. DOG 17/03/11. Corrección o 23/03/11

Consellería de Traballo e Benestar: Subvencións para mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais nos ámbitos da atención ás persoas maiores e persoas con discapacidade. DOG 17/03/11. Corrección o 23/03/11

Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño: Subvencións para a promoción das mulleres do medio rural. BOE 21/03/11

Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación: Premios Nacionais de Educación para o Desenvolvemento «Vicente Ferrer» en centros docentes. BOE 22/03/11

Consellería de Sanidade: Subvencións para programas de carácter sociosanitario. DOG 22/03/11

Consellería de Traballo e Benestar: Subvencións para o fomento e realización de actividades de voluntariado. Entidades de acción voluntaria: DOG 23/03/11. Concellos e mancomunidades: DOG 31/03/11

Ministerio de Educación: Axudas para a creación e mantemento de aulas de formación aberta, flexible e a distancia mediante tecnoloxías da información e a comunicación a través de Aula Mentor. BOE 24/03/11

Ministerio de Educación: Subvencións para a realización de actividades dirixidas á educación de persoas adultas no marco da aprendizaxe ao longo da vida. BOE 24/03/11. Corrección 31/03/11

Consellería de Traballo e Benestar: Programa para a promoción do emprego autónomo. DOG 25/03/11

Deputación provincial de Pontevedra: Premios provinciais á investigación 2011. BOP 28/03/11

Consellería de Traballo e Benestar: Programa de incentivos á contratación das persoas traballadoras. DOG 28/03/11

Consellería de Traballo e Benestar: Programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E). DOG 28/03/11

Consellería de Traballo e Benestar: Subvencións para cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais. 29/03/11

Consellería de Traballo e Benestar: Modificación da Orde do 30 de decembro de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á Convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas en Galicia correspondente ao exercicio de 2011. DOG 29/03/11

Ministerio de Política Territorial y Administración Pública: Axudas de atención social a maiores e outros colectivos específicos (Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado). BOE 29/03/11

Xefatura do Estado: Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social. BOE 30/03/11

Ministerio de la Presidencia: Real Decreto 422/2011, de 25 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións básicas para a participación das persoas con discapacidade na vida política e nos procesos electorais. BOE 30/03/11

Ministerio de Traballo e Inmigración: Subvencións a plans de formación dirixidos prioritariamente a persoas ocupadas, en aplicación da Orde TAS/718/2008, de 7 de marzo. BOE 30/03/11

Consellería de Traballo e Benestar: Subvencións para accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas. DOG 31/03/11